



Plan de acción

FADEMGA Plena inclusión Galicia

2018



1

Mellorar o asesoramento ás entidades

2

Fomentar a comunicación e aumentar a visibilidade social do colectivo

3

Promover a transformación de servizos e o modelo de calidade

4

Mellorar a formación

5

Promocionar o voluntariado

6

Fomentar unha verdadeira política de apoio ás familias dende un enfoque centrado na familia

7

Facilitar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

8

Promocionar a inclusión laboral nas súas diferentes formas

9

Promocionar o deporte e o ocio inclusivo

OBXECTIVO 1

Mellorar o asesoramento ás entidades

Facilitaremos información ás entidades en todos os ámbitos que necesiten: contratación pública, exencións, axudas e subvencións, elaboración de proxectos, lexislación, copago...

Asesoraremos a todas as persoas e/ou entidades non federadas que nos pidan información tanto para constituírse como entidades como para federarse.

Realizaremos accións encamiñadas á dotar ás entidades federadas das mellores ferramentas posibles para poder xestionar as súas organizacións, ensinarlles a usalas e a aplicarlas de forma eficaz e eficiente.

Facilitaremos coñecemento para o desempeño da xestión das entidades dende a transparencia, a ética e a responsabilidade, poñendo ao alcance de todo o colectivo.

Seguiremos participando nos grupos e equipos aos que pertencemos co fin de aumentar as nosas alianzas: Cermi, Consello Galego de Benestar Social, Consellos Sociais Penitenciarios,...

Así como asistindo aos eventos que nos sexa posible (Forums, aniversarios, Foros de debate, mesas de traballo, xuntanzas, eventos, encontros de dirixentes, eventos de Plena inclusión, ...).

Realizaremos reunións anuais de cada uds e/ou comisións. En total contamos con 11 Comisións, 9 UDS e 1 grupo de traballo. Isto implica que en torno a 160 persoas (técnicos, familiares, voluntarios, directivos, persoas con discapacidade intelectual,...) de 33 entidades federadas participen de forma activa en temas relacionados con dereitos, autonomía-dependencia, educación, investimentos, transportes,...

Promoveremos espazos de participación entre as entidades socias.

Seguiremos traballando coa comisión de estatutos e asesoría xurídica na modificación dos estatutos da Federación tratando de alinearlos cos da Confederación Plena inclusión.

Asesoraremos as entidades que o demande na revisión dos seus Estatutos e ou en dúbidas que xurdan ao respecto.

Realizaranse reunións periódicas de xunta directiva, Asembleas,.... E todo tipo de accións que favorezan e fomenten a participación das entidades socias na federación.

ASESORAMENTO

Os responsables de cada uds, comisión,... traballarán activamente nas mesmas e participarán nos eventos e reunións que lles sexa posible .

Faremos planificación conxunta de servizos en base ás necesidades e demandas que nos plantexen tanto as entidades como as familias e persoas con discapacidade intelectual.

Colaboraremos en materia de accesibilidade co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para poder adaptar as sentencias a lectura fácil,....

Ademais este ano trataremos de darlle un gran impulso e apoio para a constitución e a posta en marcha da patronal galega do sector, para a cal contaremos co apoio de AEDIS patronal nacional do sector. Esta patronal traballarase dende a Federación coa comisión de estatutos, asesoría xurídica e xunta directiva, tratando de constituíla este ano 2018. Facilitando así a constitución dun espazo de representación como organización social, velando polo patrimonio dos asociados.

Traballarase na elaboración dun plan de infraestruturas que recolla as demandas das entidades e da federación.

Un dos retos para este ano son as axudas para realizar os proxectos de investimentos que as entidades e a propia federación precisan para poder prestar servizos de calidade e adaptados á normativa vixente. Co cal seguiranse buscando vías de financiación e prestarase apoio ás entidades na solicitude e xustificación para este tipo de proxectos, tanto cos existentes (PIR Fundación ONCE, 0.7 IRPF) e noutras convocatorias que xurdan onde se poidan pedir este tipo de proxectos, tanto para a federación como para as entidades federadas que así o demanden.

Solicitaremos axudas para seguir co proxecto As Barreiras do Transporte. Que non te deixen na casa! Tratando de que o maior número posible de asociacións federadas dispoñan polo menos dun vehículo adaptado ás súas necesidades para prestar un servizo de transporte de calidade.

Dende a Federación tamén se atenderán aquelas solicitudes que nos presenten as entidade socias en canto ás necesidades de préstamos puntuais de vehículos, con motivo de actividades de ocio, reparacións nos seus vehículos, asistencia a xornadas, campamentos,..... Estes préstamos de vehículos fanse tanto entre a federación coas entidades, como entre as propias entidades,... Fomentando así un sistema de aproveitamento e cooperación no uso dos recursos existentes

OBXECTIVO 2

Fomentar a comunicación e aumentar a visibilidade social do colectivo

Impulsaremos a imaxe corporativa da Federación

Durante o 2018 levaremos a cabo a elaboración de diferente material audiovisual, acordado cos responsables das diferentes áreas que conforman a Federación.

Con estes vídeos que pretendemos promocionar áreas moi concretas como o apoio ás mulleres con discapacidade intelectual, ás persoas con grandes necesidades de apoio, a importancia da asesoría xurídica para familias e persoas con discapacidade, visibilizaremos o proceso de envellecemento do noso colectivo así como a saúde mental, e daremos unha visión xenérica de todas as actividades que se desenvolven na Federación en favor das persoas con discapacidade intelectual.

Melloraremos o tratamento da discapacidade intelectual nos medios de comunicación

Un dos principais obxectivos da área de comunicación, será o de visibilizar ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual nos medios de comunicación e mellorar o tratamento que reciben por parte destes.

Para iso realizaremos en paralelo dúas accións importantes:

- **FORMACIÓN** na facultade de xornalismo galega, co fin de que os alumnos de hoxe que serán os xornalistas de mañá, saian concienciados e cunha visión comprometida e real das implicacións da discapacidade. Para iso levaremos a cabo charlas e mesas redondas con alumnos, nas que participarán as propias persoas con discapacidade intelectual, explicando a súa visión do tratamento que reciben por parte dos medios.
- **MESAS REDONDAS** con xornalistas en activo, para que expliquen a súa visión da discapacidade e, o máis importante, para que grupos de persoas con discapacidade intelectual lles trasladen as súas dúbidas e preguntas sobre o funcionamento dos medios de comunicación e a súa visión sobre as cousas máis importantes que se deben de cambiar na comunicación diaria de radios, televisións e periódicos para dar unha visión máis amable e próxima da discapacidade.

Para levar a cabo estas accións, teremos sempre en conta o documento sobre “Posicionamento en relación á terminoloxía” elaborado pola Rede de Comunicación de Plena inclusión.

COMUNICACIÓN

Impulsaremos a comunicación externa

Aproveitando a recente creación do "Grupo de comunicación asociativa" este ano buscaremos dar un impulso á nosa presenza en medios. Para iso aproveitaremos a fortaleza da nosa base social, presente nas catro provincias, para crear mensaxes conxuntas e difundilas entre as asociacións e a federación.

Ademais de ter maior impacto en medios, queremos transmitir unha imaxe de cohesión e fortaleza do noso Movemento, algo que repercuta non só no que a visibilización se refire, se non á hora de mellorar a nosa representación ante os axentes políticos.

Crearemos campañas de sensibilización

Durante este ano poremos en marcha a creación e difusión de varias campañas (contando para iso co apoio da Rede de Comunicación Asociativa).

Á Campaña de emprego, (creada a finais do pasado ano e que agora estamos en proceso de difundir), habemos de sumar a elaboración de Campañas de Saúde Mental, promoción da Muller ou Respiro Familiar entre outras. Todas elas serán impulsadas facendo forza nos Días Internacionais da Muller, a Saúde ou a Familia, entre outros. Para eles elaboraremos material promocional como cartelaría, folletos e cuñas radiofónicas.

Creación do grupo de voceiros da Federación

Tal e como se recolle na estratexia da Confederación en materia de comunicación, traballaremos na creación da figura do "embaixador", é dicir, persoas con discapacidade intelectual que colaboren co ámbito da comunicación. O noso fin é involucrar máis ás persoas con discapacidade intelectual nas comunicacións diarias de FADEMGGA, dándolles así maior visibilidade social e contribuindo ao seu empoderamento.

Para iso durante o pasado ano xa creamos unha base de persoas con discapacidade intelectual interesadas en actuar como portavoces de todo o Movemento Asociativo. Unha vez creado o grupo definitivo, dende esta área organizaremos unha xornada formativa para darlles ferramentas e educalos en materia de representación.

OBXECTIVO 2

Fomentar a comunicación e aumentar a visibilidade social do colectivo

Melloraremos o noso posicionamiento en redes

Na actualidade resulta moi importante conseguir unha boa presenza en redes sociais para realizar estratexias de comunicación e alcanzar os nosos obxectivos e misión con éxito.

Para iso, este ano levaremos a cabo unha campaña publicitaria nas 2 redes sociais con máis seguidores (Facebook e twitter). Os nosos obxectivos con isto son:

- Comunicar dunha maneira máis rápida e eficaz o noso traballo e iniciativas.
- Consegur un maior feedback cos nosos seguidores.
- Consegur construír unha comunidade activa, participativa e comprometida coa discapacidade intelectual.
- Xerar conciencia social sobre as reivindicacións do noso colectivo.
- Xerar maiores visitas á nosa web.

Igualmente, buscaremos unha maior involucración en redes (Facebook, Twitter, Instagram...) das nosas entidades, e tamén do voluntariado, (un público especialmente comprometido e identificado as organizacións coas que colaboran) polo que eles han de ser un dos alicerces da estratexia de comunicación nas nosas redes sociais.

Visibilizaremos ás persoas con maiores necesidades de apoio

Durante 2018, continuaremos coa liña iniciada o pasado ano a través de “Todos somos todos” para fomentar unha maior visibilización social das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento con maiores e máis complexas necesidades de apoio, que son aínda en gran medida descoñecidas para o conxunto da sociedade.

Para o cal fomentaremos a realización de comunicacións centradas en historias de vida persoais, que inspiren a outros. Tal e como explicaron os propios grupos de autoxestores no seu Congreso Europeo de 2015 «Esta é unha viaxe para todos cara á Inclusión. Non podemos deixar que ninguén quede fora. Todos, significa todos.»

COMUNICACIÓN

Realizaremos o clipping de prensa diario

Continuaremos a realizar resumos de prensa coas principais noticias do sector da discapacidade e, en xeral, do Terceiro Sector, que poden ser relevantes para a Federación e as entidades.

Colaboraremos co boletín de noticias de Plena inclusión.

Cada dúas semanas realizaremos colaboracións coas áreas de comunicación doutras federacións e da Confederación, para diferentes reportaxes para a revista da Confederación “VOCES”.

Faremos cobertura fotográfica e audiovisual en eventos

Organizaremos eventos e roldas de prensa, así como apoio formativo en diversas áreas. Encontro de autosextores, Xornada de familias, diferentes eventos deportivos, entre outros,...

Elaboraremos notas de prensa e comunicados

Potenciaremos o envío de notas de prensa e comunicados para dar a coñecer a realidade do movemento asociativo, e para denunciar as diferentes situacións de abuso e perda de dereitos das persoas con discapacidade intelectual. Este ano realizaremos un maior número de comunicacións centradas na familia, con motivo do Ano das Familias que celebra Plena inclusión.

Promocionaremos as convocatorias de emprego público

Continuaremos promocionando o emprego para as persoas con discapacidade intelectual, das cales informaremos e realizaremos reportaxes para dar a coñecer esta realidade entre os medios de comunicación e incidir na importancia do traballo de orientación e apoio prestado.

Continuaremos coa xestión dixital

Diariamente manteremos actualizada a páxina web de FADEMGA Plena inclusión Galicia coas novas máis destacadas así como coas diferentes convocatorias de programas e cursos de formación que se convoquen. Igualmente realizaremos traballos de xestión da intranet federativa coa alta de novos usuarios.

OBXECTIVO 3

Promover a transformación de servizos e o modelo de calidade

Esta área traballa na procura dun modelo de atención de calidade compartido entre as entidades, no que os ámbitos da ética, calidade de vida e a xestión estean totalmente interiorizados nos servizos.

Impulsaremos cambios nas entidades membro en liña cos modelos de Plena inclusión

Divulgaremos os beneficios nas persoas do modelo e sistema de avaliación de calidade Plena (baseado nos eixos de calidade de vida, ética e xestión) mediante diferentes medios: correo ordinario, mail, manchetas, xornadas, novas no Info XXI, na web,...

Acompañaremos e animaremos ás entidades a entrar no proceso de calidade Plena.

Promoveremos actividades dende a federación que axuden á consecución dos plans de mellora das asociacións federadas.

Informaremos ás entidades federadas sobre o proceso de transformación de servizos de cara a servizos centrados nas persoas onde se cumpran os tres irrenunciabes (roles de cidadanía plena, apoios personalizados e oportunidades de inclusión), e indicaremos e promoveremos que se dean claves importantes para dita transformación (liderado, aprendizaxe, valores, estrutura e alianzas). Asesoraremos, faremos seguimento e acompañaremos aos servizos que estean no proxecto e así o desexen.

Dinamización da comisión de calidade

Seguiremos impulsando xunto co equipo de responsables de calidade, o modelo e sistema de xestión de calidade Plena.

Motivaremos a transacción de coñecementos e experiencias no tocante ao noso modelo e sistema.

Neste ano daremos visibilidade e poñeremos en valor ás entidades que recentemente acadaron a acreditación de calidade, planificaremos sesións formativas entre o equipo e procedementaremos un evento onde se intercambien e poñan en valor experiencias entre as entidades do noso movemento asociativo.

Contribución na Rede Nacional de Calidade Plena inclusión

Remataremos a revisión e mellora do modelo e sistema de calidade Plena para entidades de atención directa.

CALIDADE

Analizaremos os pilotaxes de calidade Plena nas federacións para poñer a circular a versión 1.

Continuaremos traballando en rede a nivel nacional, vertebrando a promoción da calidade Plena.

Promoción de plans de persoas segundo o modelo de Plena inclusión

Cursaremos accións (sesións de consultaría, espazos para compartir...) que faciliten a consecución dos plans de persoas das entidades federadas. Asesoraremos, faremos seguimento e acompañaremos as entidades que estean en proceso e así o desexen.

Cooperación na execución e seguimento do Plan Estratéxico do movemento asociativo.

Velaremos e colaboraremos no cumprimento dos indicadores da Federación no V Plan estratéxico do noso movemento asociativo, que toca nove horizontes: aposta radical pola plena cidadanía, fomento dunha política de apoio a familias dende un enfoque centrado na familia, reivindicación dun novo marco xurídico que garanta e impulse a vida das persoas e a das súas familias, potenciar unha práctica de traballo colaborativo, aposta polos procesos de transformación de entidades e servizos, afrontamento da renovación e cambio xeracional dende unha visión moderna do asociacionismo, aumentar a visibilidade social do colectivo, coordinación e articular dos dereitos e a nosa acción de prestadores de apoio, aumento da nosa coordinación e a acción conxunta para afrontar os retos en común.

Cumprimento da Lei Orgánica de protección de datos

Someterémonos a auditoría bianual externa de LOPD. Estaremos vixilantes á vindeira publicación de lexislación de LOPD e adaptarémonos á mesma.

Seguiremos actualizando os anexos do documento de seguridade e o clausulado, asesorando ao persoal e ás entidades e incidindo sobre a importancia do cumprimento de protocolos de LOPD.

Voluntariado

Procedementaremos a xestión do voluntariado homoxeneizando os trámites a realizar e estableceremos accións que fomenten o voluntariado.

OBXECTIVO 3

Promover a transformación de servizos e o modelo de calidade

Mellora continua do sistema de xestión de calidade ISO 9001:2015

Analizaremos os resultados dos obxectivos, indicadores, enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese, non conformidades e incidencias e planificación de medidas que eviten desviacións e axuden a establecer estratexias para acadar os resultados esperados.

Realizaremos as auditorías internas de calidade na sede e nas diferentes delegacións no que respecta ao alcance do sistema de xestión de calidade. Prepararemos, colaboraremos e someterémonos á auditoría externa de calidade de renovación do certificado. Planificaremos e implementaremos accións correctivas das incidencias ou non conformidades detectadas en auditorías. Estudiaremos a viabilidade das oportunidades de mellora que nos aporten os auditores.

Reabriremos a bolsa de auditores internos de calidade

Ampliaremos a base de datos de auditores internos, cumprindo unha serie de requisitos para xestionar auditorías cruzadas entre as asociacións e promover alianzas e intercambio de coñecementos.

Coordinación do equipo ISO 9001:2015 entidades FADEMGA

Promoveremos o intercambio de documentación, dúbidas e xeraremos apoio nas adaptacións dos sistemas de xestión de calidade segundo a ISO 9001:2015.

Xestión e impartición de formación aos profesionais de nova incorporación

Formaremos aos novos profesionais da Federación no concepto de discapacidade intelectual, na historia do movemento asociativo, no modelo de calidade Plena, na importancia dos apoios, LOPD e todas as cuestións que lles axuden no seu traballo de acordo cos valores e principios de Plena inclusión.

Plan de igualdade

Trataremos de impulsar a elaboración dun plan de igualdade na federación, tratando de realizar unha análise detallada da situación de igualdade de oportunidades e trato.



OBXECTIVO 4

Mellorar a formación

Formación para profesionais

Participación dos profesionais en todas aquelas accións formativas, xornadas, seminarios..... organizadas por entidades do movemento de Plena inclusión e entidades externas que melloren a cualificación profesional dos mesmos.

Realizaremos unha acción formativa para os monitores do programa de Respiro Familiar no mes de decembro e temática a convir segundo demanda dos mesmos.

Planificaremos, organizaremos e desenvolveremos accións formativas para profesionais de FADEMGGA con cargo á formación bonificada de empresa.

Fomentaremos a formación nos aspectos clave do Modelo de Calidade Plena inclusión, Enfoque Centrado na Persoa, Enfoque Centrado na Familia, Calidade de Vida, Planificación Centrada na Persoa, Autodeterminación, Escala SIS, Calidade na Xestión, Comportamentos Éticos, Liderado, Lectura Fácil, Pensamento Libre, etc.

Formación para directivos

Organizaremos unha nova edición de EN PLENA FORMA (en modalidade mixta: presencial e online) para tódolos dirixentes das entidades que así nolo demanden, co fin de transmitir a cultura Plena inclusión aos máximos responsables das entidades.

A escola en Plena Forma naceu para crear un espazo de aprendizaxe para os dirixentes das organizacións que integran Plena inclusión (Persoal directivo e de xerencia).

O obxectivo é ofrecerlles unha ferramenta que lles sirva para axudar a mellorar a súas competencias para liderar, gobernar e facer progresar as súas entidades, de acordo coa misión e os valores do noso movemento asociativo, tendo en conta a propia identidade da organización e orientado o seu funcionamento dende unha visión compartida e de proxecto común.

Promocionar o voluntariado

As persoas voluntarias son clave para a plena inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. O seu papel é único, porque serven de nexo entre a persoa e a sociedade e ademais establecen un tipo de relación única coas persoas con discapacidade, unha relación diferente da que ten a familia e tamén os profesionais de apoio.

Por todo elo, dende FADEMGA Plena inclusión...

Promoverase e potenciarase o voluntariado no sector e a labor das persoas voluntarias coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Facilitaranse recursos e ferramentas, materiais didácticos, folletos... ás entidades para que poidan xestionar o voluntariado.

Impartirase formación para as persoas voluntarias en xestión de voluntariado.

Ademais, este ano promocionarase o voluntariado en todas as áreas federativas e nos diversos programas que se levan a cabo dende area social e de familias da federación.

Formación para o voluntariado

O voluntariado ocupa un papel central en Plena inclusión, polo que queremos dotar de ferramentas, coñecementos e capacidade ás nosas persoas voluntarias para que se enriquezan de forma persoal e no desenvolvemento da súa propia acción voluntaria e asociativa. Por elo, temos previsto realizar unha formación de 5 horas o 23 de febreiro na sede para responsables de voluntariado “o voluntariado en Plena inclusión: orientacións para a xestión do voluntariado” que será impartido por unha profesional de Plena inclusión, ofertaranse un total de 25 prazas.

OBXECTIVO 6


Fomentar unha verdadeira política de apoio ás familias.

Información e orientación para as familias

Continuaremos atendendo as consultas das familias que contacten con nós.

Ofreceremos estancias de respiro familiar. Si obtemos mais financiación intentaremos aumentar o número de prazas nas quendas máis demandadas.

MES	LOCALIZACIÓN	DATAS	Nº DE PRAZAS
FEBREIRO	Alvarella (Vilarmaior, A Coruña)	9 ao 13 de febreiro	9
MARZO-ABRIL	Hotel Troncoso (Sanxenxo, Pontevedra)	27 de marzo ao 1 de abril	15
ABRIL-MAIO	ALvarella (Vilarmaior, A Coruña)	27 de abril ao 1 de maio	9
MAIO	Hotel Troncoso (Sanxenxo, Pontevedra)	16 ao 20 de maio	9
XULLO	A Queimada (Nigrán, Pontevedra)	11 ao 15 de xullo	10
XULLO	Hotel Castro (Cuntis, Pontevedra)	18 ao 22 de xullo	10
XULLO	Hotel Castro (Cuntis, Pontevedra)	25 ao 29 de xullo	10
XULLO-AGOSTO	Hotel san Lorenzo (Santiago, A Coruña)	30 de xullo ao 03 agosto	10
AGOSTO	Hotel Castro (Cuntis, Pontevedra)	8 ao 12 de agosto	12
AGOSTO	Hotel Castro (Cuntis, Pontevedra)	15 ao 19 de agosto	12
AGOSTO	Alvarella (Vilarmaior, A Coruña)	22 ao 26 e agosto	12
AGOSTO	Alvarella (Vilarmaior, A Coruña)	27 ao 31 de agosto	12
OUTUBRO	Hotel Castro (Cuntis, Pontevedra)	11 ao 14 de outubro	9
NOVEMBRO	A Queimada (Nigrán, Pontevedra)	31 de outubro ao 4 de novembro	10
DECEMBRO	ALvarella (Vilarmaior, A Coruña)	5 ao 9 de decembro	10



OBXECTIVO 6

Fomentar unha verdadeira política de apoio ás familias.

Ofreceremos dúas modalidades de formación para as familias:

- Dous **Talleres Monográficos** sobre algún dos seguintes temas:

a discapacidade, a calidade de vida familiar e persoal, os dereitos, a autodeterminación, a participación, a ética e a accesibilidade.

- Unha **Acción Formativa**, onde abordaremos os 8 temas dos talleres monográficos.

Apoiaremos aos grupos de irmáns que se creen nas entidades.

Organizaremos dous novos foros: un dirixido a irmáns e cuñados e outro dirixido a familiares en xeral. O tema principal que abordarán será o da participación das familias no movemento asociativo.

Participaremos no Encontro Estatal de Familiares de Plena inclusión.

Servizo de Asesoría Xurídica para as familias:

Estará dispoñible durante todo o ano nas súas dúas modalidades de atención: charlas xurídicas e consultas individuais.

DATA DO SERVIZO	PROVINCIA
25 de XANEIRO	A CORUÑA
22 de FEBREIRO	PONTEVEDRA
22 de MARZO	OURENSE
27 de ABRIL	LUGO
31 de MAIO	A CORUÑA
21 de XUÑO	PONTEVEDRA
26 de XULLO	OURENSE
30 de AGOSTO	LUGO
27 de SETEMBRO	A CORUÑA
25 de OUTUBRO	PONTEVEDRA
29 de NOVEMBRO	OURENSE
20 de DECEMBRO	LUGO

FAMILIAS

A UDS de Familias

Será a voz das familias na Federación e na Confederación.

Coordinarase coa directiva e continuará elaborando propostas e traballando pola mellora dos apoios que reciben as familias. Así mesmo, dous dos seus integrantes continuarán participando na UDS estatal de Familias de Plena inclusión.

A Comisión de Irmáns e Cuñados

Coordinarase coa UDS de Familias para promover a participación e implicación das familias no movemento asociativo, a través dos micro-proxectos desenvolvidos na Convivencia Formativa do ano pasado. Tamén se formará e terá contacto directo coa xunta directiva e coa comisión de xerentes .

Difusión e divulgación

Editaremos un calendario con información das estancias de respiro familiar. Enviaremos este calendario a tódalas entidades e a tódalas familias que soliciten este servizo de respiro familiar este ano.

Presentaremos ás familias a Guía Xurídica en lectura fácil, validada pola Cooperativa Altavoz, co fin de facilitar ás familias e ás persoas con discapacidade intelectual información xurídica importante: modificación da capacidade de obrar, exercicio da tutela,...

Coordinación, seguimento e avaliación.

Avaliaremos as principais accións para procurar a mellora continua das mesmas. Asistiremos ás reunións da Rede de Apoio a Familias e da UDS estatal de Familias de Plena inclusión.

OBXECTIVO 7

Facilitar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Cidadanía activa e Accesibilidade cognitiva

Área I. Actividades relacionadas coa defensa e protección dos dereitos

Formaremos en dereitos ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Prestaremos asesoramento legal, dado polos profesionais do ámbito xurídico, a persoas con discapacidade intelectual e/ou desenvolvemento sobre os seus dereitos.

Reivindicaremos os dereitos das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento a través da elaboración de documentos, actos, xornadas e encontros. Potenciando dito proceso co apoio das entidades de toda Galicia.

Área II. Capacitación en autodeterminación

Realizaremos formación sobre autodeterminación ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Promocionaremos a participación das persoas con discapacidade en todos os espazos e encontros nos que se fale de autodeterminación ou empoderamento.

Área III. Fortalecemento da autoxestión nas persoas con discapacidade intelectual (Grupos de Autoxestores)

Crearemos novos grupos de autoxestores e asesoraremos a outros grupos veteranos de autoxestores.

Organizaremos espazos de encontro e participación dos autoxestores para o intercambio de experiencias e a mellora das prácticas mutuas. Realizaremos o XVIII Congreso de Autoxestores a finais de ano.

Traballaremos para fortalecer e formar representantes/portavoces entre os grupos de autoxestores para converter a súa figura de representantes en contornos asociativos e comunitarios.

Área IV. Apoio ao voto e participación pública

Implementaremos as accións desenvolvidas na campaña “Mi voto cuenta”: Información sobre programas e procesos electorais, reunións de sensibilización con representantes políticos, acompañamento no exercicio do dereito ó voto, adaptación a lectura fácil dos programas electorais...

INCLUSIÓN

Área V. Promoción da vida independente.

Elaboraremos talleres dirixidos a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que faciliten ou melloren a súa autonomía persoal e o seu acceso a vida independente.

Área VI. Mellora da accesibilidade cognitiva

Realizaremos formación en Lectura Fácil e accesibilidade cognitiva e faremos sensibilización do entorno.

Asistiremos ás reunións de coordinación do programa e crearemos un fondo documental de referencia.

Apoiaremos ás persoas con discapacidade intelectual na revisión, adaptación e certificación de contidos en lectura fácil que melloren a súa autonomía persoal, mobilidade e inclusión social.

Desenvolveremos accións para a ruptura da fenda dixital e o acceso a información e as novas tecnoloxías das persoas con discapacidade intelectual.

Colaboraremos con comunicación en accesibilidade cognitiva.

Apoiaremos na coordinación de grupos de persoas con discapacidade intelectual que participen como validadores dos materiais adaptados a Lectura Fácil (Temarios, Convocatorias, lexislación,...)

Prestaremos apoio e impartiremos accións formativas sobre accesibilidade cognitiva segundo a metodoloxía de Lectura Fácil.

Adaptaremos -segundo a metodoloxía de Lectura Fácil- materiais e actividades para os procesos selectivos de emprego público específicos para persoas con discapacidade intelectual.

Adaptaremos -segundo a metodoloxía de Lectura Fácil- Convocatorias de procesos selectivos de emprego público reservados e outra lexislación vinculada.

Área VII. Promoción do benestar persoal

Faremos actividades formativas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual destinadas á mellora do seu benestar persoal e emocional.

Área VIII. Actividades de apoio ao programa

Crearemos un fondo documental accesible e cunha utilidade clara para a súa aprendizaxe e labor. Asistiremos ás reunións de responsables do programa co fin de facer o seguimento e avaliación do programa. Trataremos de fomentar a formación e promoción do voluntariado.

OBXECTIVO 7

Facilitar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Atención integral ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento reclusas, ex-reclusas e sometidas a medidas alternativas de Galicia

Prestaremos apoio e asesoramento a persoas que se atopen en situación de risco.

Ofreceremos talleres sobre prevención de conduta delictiva para persoas con discapacidade intelectual.

Daremos apoio e asesoramento ás persoas e ás familias no procedemento xudicial.

Impartiremos formación para a sensibilización a Operadores Xurídicos, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, funcionarios dos centros penitenciarios e outros grupos de interese.

Coordinarémonos e colaboraremos cos equipos e traballadores dos lugares de cumprimento de penas e medidas.

Realizaremos actividades de valoración e detección da discapacidade intelectual no cumprimento da pena ou medida.

Daremos seguimento e apoio á convivencia no ámbito de execución da pena ou medida da persoa con discapacidade intelectual.

Faremos o deseño e a realización de talleres laborais e/ou de desenvolvemento persoal.

Prestaremos apoios para a realización de programas terapéuticos.

Apoiaremos no desenvolvemento de Plans Individuais para orientar no proxecto de vida da persoa.

Realizaremos o deseño e apoio en saídas terapéuticas e/ou permisos.

Continuaremos realizando o apoio e seguimento das persoas con discapacidade intelectual en liberdade definitiva e ás súas familias, para promover o seu benestar e desenvolvemento do proxecto de vida.

Proseguiremos na busca de recursos de apoio na comunidade.

Promoveremos a coordinación e apoio de recursos comunitarios e de discapacidade para favorecer o benestar das persoas en liberdade definitiva.

INCLUSIÓN

Ofreceremos actividades de inserción sociolaboral ás persoas en liberdade definitiva.

Continuaremos coa elaboración e mantemento de materiais de sensibilización, formación e difusión.

Exclusion social/Muller

Exclusión

Prestaremos asesoramento, apoio e seguimento ás persoas con adicción con e sen substancia e, no seu caso, das familias así como aos menores en situación de risco e no seu caso, das familias.

Procuraremos realizar accións de mediación e sensibilización entre a persoa con discapacidade intelectual, a súa familia e a administración competente en temas de infancia.

Procuraremos facilitar un espazo de encontro para menores en risco. Accións de formación e información para usuarios e familiares.

Ofreceremos accións de formación, información e colaboración para profesionais de servizos públicos e/ou privados e organizacións que traballan nas áreas de actuación do programa.

Continuaremos coa creación, adaptación, publicación e difusión de guías e materiais de apoio, orientados a usuarios e familias sobre as áreas de actuación do programa en Lectura Fácil.

Muller

Con este programa pretendemos abordar aqueles ámbitos que supoñen para estas mulleres factores de maior risco de exclusión social e unha profunda desvantaxe no acceso aos dereitos, a bens e servizos na comunidade. Estes son:

- Promoción do benestar persoal e relacional.
- Traballaremos na prevención de situacións de violencia de xénero contra mulleres con discapacidade intelectual .
- Promocionaremos a igualdade entre homes e mulleres.
- Prestaremos apoio á situación de especial vulnerabilidade das nais con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

OBXECTIVO 7

Facilitar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Programa para a prevención do delito, violencia e discriminación con outras persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Faremos unha formación de formadores del equipo de promotores, en Madrid.

Realizaremos accións de sensibilización por parte do equipo de promotores dirixidas á poboación xeral (con especial énfase nos corpos e forzas de Seguridade do Estado e diferentes operadores xurídicos): estas accións realizaranse por todo o territorio nacional. Os formadores serán os compoñentes do equipo de promotores.

Sensibilización social e empoderamento en dereitos das persoas con discapacidade intelectual

Realizaremos sensibilización social para o acceso aos dereitos das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Participaremos nun grupo de líderes con discapacidade intelectual, a nivel estatal, no ámbito de xestión de campañas de sensibilización e impulso de accións de empoderamento.

Promoveremos o axuste da financiación da administración aos roles de apoio necesarios para fomentar o empoderamento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Difundiremos modelos e roles de apoio innovadores, incluíndo a figura de asistente persoal, apoio condutual positivo, apoio activo... que promoven o empoderamento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Participaremos nun encontro estatal para compartir prácticas innovadoras sobre promoción do liderazgo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Asistiremos a encontros interrexionais de deteccións de necesidades de empoderamento.

Participaremos na formación para o grupo de líderes con discapacidade intelectual sobre empoderamento, liderazgo, portavocía, sensibilización...

Realizaremos reunións de coordinación e avaliación do programa.

INCLUSIÓN

Programa De Rede de educación inclusiva:

Avaliaremos o grao de inclusión e os apoios dispoñibles en cada centro educativo participante ó inicio do programa utilizando un recurso deseñado para tal fin.

Xeraremos un catálogo de recursos e estratexias para a promoción da educación inclusiva.

Realizaremos alianzas institucionais con organización que promoven a transformación da educación e configurar os pares de centros participantes (de educación especial e ordinaria).

Apoiaremos a través dos promotores de inclusión educativa o desenvolvemento e aplicación de prototipos de prácticas inclusivas nos centros participantes aliados.

Faremos avaliación, análise e explotación de datos de implementación da inclusión.

Realizaremos un encontro de intercambio e transferencia das prácticas inclusivas desenvolvidas.

Investigación aplicada para a implementación de servizos centrados nas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias.

Poremos en marcha o modelo de Servizo Centrado na Persoa apoiando proxectos de transformación e realizando pilotaxes de novos modelos.

Implementaremos o Apoio Activo mediante a realización de pilotaxes e posterior proceso de transferencia para fomentar as persoas con discapacidade intelectual a inclusión e a participación activa na súa vida cotiá.

Desenvolveremos o modelo da Planificación Persoal por Adiantado mediante a realización de pilotaxes e posterior proceso de transferencia para a mellora da calidade de vida das persoas maiores e das súas familias.

Realizaremos un acompañamento e supervisión dos proxectos de micro-transformación e pilotaxes cara a Servizos Centrados nas Persoas. Promoveremos accións de transferencia e intercambio a través de reunións, elaboración de materiais, encontros,....

OBXECTIVO 7

Facilitar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Programa de saúde mental e envellecemento activo.

Apoio ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e alteracións da saúde mental

Continuaremos coas reunións do Grupo de Traballo sobre trastornos mentais e/ou alteracións da saúde mental para o análise de casos, avaliación e deseño de plan de apoio condutual positivo...

Promoveremos a organización dunha nova edición da Sesión Clínica para abordar casos ós que non somos capaces de dar unha resposta efectiva.

Organizaremos o XII Seminario sobre discapacidade intelectual e saúde mental, coa colaboración do Grupo de Traballo sobre trastornos mentais e/ou alteracións da saúde mental, que previsiblemente será en novembro.

Proseguiremos coa realización de accións formativas e de capacitación para o fortalecemento da saúde mental e benestar, tales como xornadas, talleres ou clubs de lectura fácil.

Persistiremos nos contactos e colaboracións con recursos sanitarios, sociais e de educación, para garantir o dereito das persoas con discapacidade intelectual con problemas de saúde mental a recibir unha atención socio-sanitaria de calidade.

Procuraremos realizar accións de sensibilización e formación en recursos sanitarios, sociais e educativos da contorna.

Trataremos de por en marcha algunha acción de apoio a familiares e persoas de apoio co fin de promover estratexias de apoio positivo.

Apoio ao envellecemento activo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Proseguiremos no proceso encamiñado a que unha entidade federada, incorpore e/ou actualice os recursos e ferramentas necesarias para apoiar axeitadamente a este colectivo. Neste proceso poremos énfase na participación e involucración dos profesionais da entidade, para garantir a continuidade das accións.

INCLUSIÓN

Promoveremos a realización de diferentes accións para manter e favorecer a autonomía das persoas con discapacidade intelectual maiores de 45 anos ou en proceso de envellecemento, tales como taller de duelo, actividades de ocio adaptado, etc.

Promoveremos accións de formación e información para as familias. Procuraremos realizar algunha acción de información ou sensibilización con profesionais de unidades de xeriatría e servizos públicos e/ou privados alleos a Plena inclusión, especializados e orientados á terceira idade, sobre o envellecemento das persoas con discapacidade intelectual e as súas características.

Difundiremos e divulgaremos o programa e as súas accións a través de diferentes medios, tales como o INFO XXI, web...

Actualizaremos o fondo documental de apoio ao programa (instrumentos de avaliación, material de intervención,...) coa recompilación e adquisición de material.

Trataremos de continuar elaborando material de apoio e formación para usuarios e as súas familias en linguaxe claro e accesible, así como material de sensibilización e avaliación.

Promoveremos a participación do voluntariado nas actividades do programa e a realización de reunións e /ou espazos de participación e intercambio.

Vacacións IMSERSO Plena inclusión

Realizaremos 7 quendas de 30 participantes cada unha. Estímase a participación de 154 persoas usuarias e 56 persoas de apoio.

Nestas quendas son as persoas beneficiarias as que elixen os lugares de destino, así como as actividades de ocio a desenvolver en cada viaxe. As quendas a realizar este ano serán:

DESTINO	DATAS	HOTEL
SEVILLA	26 feb -04 marzo	Hotel Vía Sevilla Mairena 4 *
TENERIFE	07-14 marzo	Hotel Dania Elegance Park 4*
OVIEDO	21-26 marzo	Hotel Oca Santo Domingo plaza 4 *
SALOU 1	06-12 abril	Hotel Santa Mónica 3 *
SALAMANCA	09-14 abril	Gran Hotel Corona Sol 4*
MALLORCA	04-10 maio	Hotel Nautic 4 *
SALOU 2	09-15 maio	Hotel Oasis Park 4*

OBXECTIVO 8

Promocionar a inclusión laboral nas súas diferentes formas

SIOL. Servizo de Información e Orientación Laboral.

Como accións novas do SIOL para o ano 2018 respecto ao traballo habitual do servizo que é a orientación, información e asesoramento na procura de emprego das persoas con discapacidade intelectual, destacamos:

FADEMGGA Plena Inclusión Galicia está cualificada como Axencia de Colocación con número de autorización 1200000049, dende novembro de 2014, para a provincia da Coruña. Ao longo do ano continuaremos coa xestión da mesma para dotala de contido, adaptaremos os procedementos e buscarase financiamento para o seu funcionamento. Remitiremos mensualmente os datos das persoas atendidas, novas altas, ofertas tramitadas e contratacións de persoas con discapacidade intelectual no mercado de traballo, así como a memoria anual de actividades.

Continuaremos coa formación para emprego público, para as 207 nas catro provincias de Galicia para diversos procesos selectivos que están pendentes ser convocados neste ano 2018. A duración da formación será desde principios de xaneiro ata a data dos exames.

XUNTA	PRAZAS RESERVADAS
SUBALTERNOS-ORDENANZAS OPE 2017	12
SUBALTERNOS-ORDENANZAS OPE 2016	12
CORPO AUXILIAR C2 OPE 2017	6
CORPO AUXILIAR C2 OPE 2016	4
SERGAS	
CELADORES OPE 2017	13
CELADORES OPE 2016	17
TECN. AUX. ENFERMERIA OPE 2017	20
PARLAMENTO DE GALICIA	
UXIER	1
CONCELLO DE SANTIAGO	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1
MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
AUXILIAR DE XESTIÓN E SERVIZOS COMÚNS OPE 2016	121
AUXILIAR DE XESTIÓN E SERVIZOS COMÚNS OPE 2017	178
TOTAL PRAZAS A CONVOCAR 2018	385

EMPREGO

Continuaremos adaptando materiais a lectura fácil dos diversos procesos selectivos que aínda non están adaptadas ás persoas con discapacidade intelectual, como son os materias de Auxiliar Administrativo da Xunta de Galicia e do Concello de Santiago de Compostela.

Continuaremos co novidoso proxecto que comezou no ano 2017 de Emprego Personalizado para persoas con mais necesidades de apoio e necesidades complexas. Darase servizo personalizado de cara a mellorar a capacitación laboral de 10 persoas con discapacidade intelectual con grandes necesidades de apoio de forma individualizada durante o primeiro semestre do ano.

Apoiaremos a un total de 40 persoas con discapacidade intelectual de toda Galicia (10 por provincia) para mellorar a capacitación sociolaboral de cara a súa plena inclusión.

Continuarase solicitando financiamento para o mantemento e funcionamento das 5 oficinas do SIOL a Deputacións Provinciais e Concellos nas que están instalados, especialmente ao Concello de Santiago, que é o único concello dos 4 que non aporta ningún tipo de axuda económica. Tamén continuaremos solicitando axudas e recursos económicos de cara a novos programas de formación e integración sociolaboral das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (programas integrados de emprego, programa de garantía xuvenil, formación ocupacional,..), así como presentación da solicitude de renovación do persoal do SIOL.

Seguiremos impartindo charlas informativas en Centros de Educación nos que sexa demandado. Nestes derradeiros anos acudimos con regularidade ao Colexio La Salle dentro do seu programa de Achegamento á Realidade, así como no CEE Príncipe Felipe (Pontevedra) ...

OBXECTIVO 8

Promocionar a inclusión laboral nas súas diferentes formas

SAE. Servizo de Apoios para o Emprego.

Continuaremos prestando apoios de xeito individual e personalizado a cada demandante de cara a acompañalo antes e durante o seu contrato laboral. Tamén este servizo seguirá prestando apoio aos demais elementos presentes en todo proceso de inserción: á familia, ao empresario e aos profesionais que interveñan, co obxectivo de favorecer o éxito da contratación e asegurar o mantemento dos postos acadados.

O **SAE** (Servizo de Apoios para o Emprego) centrará a súa atención na prestación de apoios ás persoas con discapacidade intelectual que atopen emprego. Temos previstos xa un proceso de emprego con apoio en Verín e tres procesos de apoio a inserción en Santiago de Compostela, Coruña e Vigo.

O SAE seguirá prospectando o tecido empresarial co fin de captar ofertas para o noso colectivo así como buscar recursos e entidades que apoiem e fomenten a inserción laboral do noso colectivo. Ademais este ano contamos coa figura dun prospector de emprego.

No tocante ao ámbito formativo, impartiranse diversas accións tanto grupais como individuais para persoas con discapacidade intelectual, como por exemplo: habilidades sociolaborais, técnicas de busca de emprego, prevención de riscos laborais, educación vial, educación para a vida diaria, educación da saúde, resolución de conflitos... Así mesmo, seguirá habendo accións formativas e informativas coas familias dos beneficiarios partícipes en procesos de inserción.

Ademais, levaranse a cabo actividades de sensibilización tanto do entorno familiar como do sector empregador; avaliación dos servizos en función das demandas, das accións grupais...

EMPREGO

SFE. Servizo de fomento do emprego

Trataremos de sensibilizar á Administración autonómica sobre a idoneidade da implantación do novo modelo de ocupación-emprego e formación dual para persoas con discapacidade intelectual.

Elaboraremos estudos e informes sobre diversas temáticas relacionadas coa discapacidade intelectual .

Dinamizaremos a Unidade de Desenvolvemento Sectorial de emprego.

Informaremos sobre subvencións e axudas sobre diferentes temáticas que poidan resultar de interese ás entidades federadas.

Continuaremos coa motivación e asesoramento para a creación e ampliación de centros especiais de emprego do entorno de FADEMGGA Plena inclusión Galicia.

Trataremos de sensibilizar á administración sobre a necesidade de garantir o retorno do emprego ó servizo ocupacional ou residencial para persoas con discapacidade intelectual. E sobre a necesidade de diferenciar os Centros Especiais de Emprego integrados por persoas con especiais dificultades de inserción.

Promoveremos a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual facendo labores de prospección e asesoramento de empresarios.

Buscaremos recursos económicos e novos nichos de mercado para facer máis viables os CEE do entorno federativo.

Realizaremos unha xornada sobre “CONTRATOS RESERVADOS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E CLAÚSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA”.

OBXECTIVO 8

Promocionar a inclusión laboral nas súas diferentes formas

Colaboración coas Administracións Públicas para facilitar a participación das persoas con discapacidade intelectual nas ofertas públicas de emprego

Reforzaremos dous dos ámbitos máis novidosos na actualidade e con maior proxección de futuro en materia de recoñecemento de dereitos das persoas con discapacidade intelectual: A accesibilidade cognitiva e a inclusión sociolaboral nas administracións públicas.

Prestaremos apoio na inclusión sociolaboral de persoas con discapacidade intelectual nas diferentes Administracións Públicas (Xunta de Galicia, Sergas, Parlamento de Galicia, Concellos e Deputacións).

Actualmente FADEMGA ten en vigor varios convenios de colaboración coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co Servizo Galego de Saúde e co Parlamento de Galicia para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos nestas administracións tras a superación dos correspondentes procesos selectivos celebrados pola quenda de reserva específica do 2% que establece o art. 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015. Estas funcións serán as seguintes segundo recollen as cláusulas Segunda, Terceira e Cuarta dos anteditos Convenios de Colaboración:

Daremos asesoramento e/ou apoio no desenvolvemento de cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos nas Administracións.

Asesoraremos no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo dos traballadores con discapacidade intelectual, así como do seu entorno laboral.

Prestaremos asesoramento e/ou apoio no seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.

EMPREGO

Asesoraremos/ou prestaremos apoio na realización de talleres prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia no entorno de traballo deste colectivo.

Asesoraremos na realización de actividades que faciliten o proceso de acollida no entorno laboral das unidades de destino dos aspirantes.

Participaremos na comisión de coordinación e seguimento dos Convenios de Colaboración, se así se estima conveniente.

Impartiremos de accións específicas de formación de oposicións para os diferentes procesos selectivos que as administracións convoquen pola quenda de reserva específica do 2% para persoas con discapacidade intelectual que establece o art. 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Elaboraremos e adaptaremos segundo a metodoloxía de Lectura Fácil de materiais e actividades para os procesos selectivos de emprego público específicos para persoas con discapacidade intelectual.

Tamén adaptaremos segundo a metodoloxía de Lectura Fácil as Convocatorias de procesos selectivos de emprego público reservados e outra lexislación vinculada.

Prestaremos apoio e asesoramento a outras Administracións (Concellos e Deputacións) que contemplan prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual nas súas Ofertas Públicas de Emprego.

OBXECTIVO 9

Promocionar o deporte e o ocio inclusivo

Special Olympics Galicia

A federación ten asinado un convenio, aprobado pola Xunta Directiva do 14/09/2001, polo cal esta asociación se compromete a realizar as actividades de carácter deportivo, social e cultural, que conxuntamente ambas entidades estimen oportuno.

XOGOS DE DEPORTES MINORITARIOS
10 DE MARZO / CON ELES / VILAGARCÍA

XOGOS DE ATLETISMO
7 DE ABRIL / AS BURGAS / OURENSE

XOGOS DE FÚTBOL SALA
6 de MAIO / SAN FRANCISCO/ VIGO

XOGOS DE CAMPO TRAVÉS E PETANCA
26 DE MAIO / PRODEME /MONFORTE

MARATÓN URBANO
9 DE XUÑO/ ASPAS / SANTIAGO

MARCHAS CICLISTAS UNIFICADAS
27-30 DE SETEMBRO/ SEN CONCRETAR

XOGOS DE NATACIÓN
27 DE OUTUBRO / ASPRONAGA / A CORUÑA

XOGOS DE BALONCESTO
10 DE NOVEMBRO / EU SON / BURELA

ENTREGA AGASALLOS TARXETAS DE NADAL
29 DE XANEIRO/ SANTIAGO

XORNADA DE TÉCNICOS DEPORTISTAS E VOLUNTARIOS
24 DE FEBREIRO/ GALICIA

CONVIVENCIA FAMILIAR
1 DE XULLO/ CARBALLIÑO

VACACIÓNS DE VERÁN
XULLO E AGOSTO/ GALICIA

GALA FIN DE LIGAS
15 DE DECEMBRO / SANTIAGO

PARTIDOS DO CELTA DE VIGO
TODA A TEMPADA /VIGO

REDE DE ARTES ESCÉNICAS
TODA A TEMPADA / GALICIA

CERTAME DE TARXETAS DE NADAL
NADAL 2018

ACTIVIDADES NACIONAIS

CAMPIONATO DE FÚTBOL 7 UNIFICADO / MAIO / VILLARREAL

CAMPIONATO DE BALONCESTO UNIFICADO / POR DETERMINAR

CAMPIONATO NACIONAL "MÁIS QUE TENIS" / SETEMBRO / MANACOR

CAMPIONATO NACIONAL DE ATLETISMO INDOOR / NOVEMBRO / ZARAGOZA

ESCOLAS DE TENIS / TODA A TEMPADA

DEPORTE



2018



FADEMGA



**Plena
inclusión**

Galicia

www.fademga.org